

Contexto educativo

Tipo de centro, características e análise da súa contorna.

1. A orixe do centro

O **IES Ramón Otero Pedrayo** é un centro de Ensino Secundario Obrigatorio que ten entidade con esta denominación dende **1997**, pois comezou a funcionar como instituto de secundaria no curso 97-98 por transformación do centro de primaria do mesmo nome.

O edificio actual inaugurouse en 1973 para acoller o *Colegio Nacional Generalísimo Franco* que fora creado en 1968 e ao que se lle deu ubicación temporal nas *garderías do Barrio das Flores*. En 1977, co gallo da reforma da ensinanza, cambiouse a denominación deste centro e pasou a chamarse *Colegio Público de Enseñanza General Básica Generalísimo Franco*.

A partir da aprobación do Estatuto de Autonomía para Galicia en 1981, a denominación pasou a ser *Colexio Público de EXB Xeneralísimo Franco* ata que, en 1990, se chamou *Colexio Público Ramón Otero Pedrayo*, sendo este o xerme da denominación actual.

Coa implantación da LOXSE, o centro pasou a impartir Educación Secundaria Obrigatoria e a súa denominación mudou a *Instituto de Educación Secundaria Ramón Otero Pedrayo*. Ao mesmo tempo foron adscritos ao instituto, a efectos de escolarización, os centros de Educación Infantil e Primaria cos que comparte zona escolar, CEIP Ramón de la Sagra e CEIP María Pita; e a súa vez, en 2014 o instituto foi adscrito ao IES Monelos para a escolarización no Bacharelato.

2. Localización do centro e área de influencia

O Instituto de Educación Secundaria "Ramón Otero Pedrayo" de A Coruña está situado na Avda. de Monelos s/n, no denominado Barrio de Elviña (1ª fase), zona de acceso á cidade, xurdido do crecemento urbano desta, sendo actualmente un barrio que está totalmente consolidado e con boas dotacións en xeral.

A área de influencia do centro vai máis alá do propio barrio, coincidindo coa **zona 24** de escolarización de centros públicos de A Coruña; esta abarca o sector comprendido entre a Avda. de Alfonso Molina (principal vía de acceso á cidade) e a Avda. de Monelos e os límites do concello en dirección sueste. Está integrada polo propio barrio de Elviña e limítrofes, das Flores e de Monelos, e outros máis afastados, Matogrande, Canteira de Eirís, Alto de Eirís e Palavea.

Os barrios de Elviña, As Flores e Palavea corresponden a zonas con grandes desenvolvementos de vivenda pública (sociais) dos anos 60, de elevada densidade xunto a promocións privadas dos anos 70 de maior altura, coa planta a pé de rúa destinada basicamente aos accesos. O da Canteira de Eirís desenvólvese neses anos, a diferenza dos anteriores, exclusivamente por medio da promoción privada. En xeral, estes barrios constitúen unha zona de aspecto degradado e con importantes problemas sociais. Avda. de Monelos e o Alto de Eirís sufriron un grande impulso a finais dos 90, cando se

desenvolve tamén o novo polígono de Matogrande con edificios e vivendas de perfil medio-alto e no que se situaron numerosos servizos e negocios.

Nesta zona están ubicados os dous colexios públicos adscritos indicados anteriormente, un colexio de educación especial co que compartimos alumnado en escolarización combinada e profesorado de apoio especialista, e 3 colexios privados, dous destes con concerto educativo.

Dentro desta zona compre destacar outras dotación como: tres centros cívicos municipais, CC de Monelos, CC de Eirís e CC de Palavea, a biblioteca pública do Estado "Miguel González Garcés", Oficinas das administracións públicas, Edificio Administrativo Monelos da Xunta de Galicia e Oficinas do INSS entre outras, Residencias de maiores públicas e privadas, Mercado de Elviña, Hipermercado, Centro de Saúde Matogrande, Centro oncolóxico, Asociacións de veciños, deportivas e culturais..., Garderías públicas e privadas.

3. Espazos e instalacións do centro

O centro consta dentro do mesmo recinto escolar de:

- Edificio principal, con planta soto, baixa e primeira, no que se atopan a meirande parte das aulas, a biblioteca, sala de profesores, salón de actos, oficina de administración, despachos dos departamentos didácticos e de orientación, cafetería, aulas específicas de Plástica, Música, Tecnoloxía, Informática e Laboratorio.
- Edificio anexo, con aulas específicas de Idiomas e Matemáticas e aulas de 4º de ESO
- Pavillón polideportivo.
- Zona deportiva con tres pistas
- Zonas axardinadas.
- O centro conta con cableado de rede informática en todas as aulas e despachos, biblioteca e sala de profesores. No edificio anexo o acceso é inarámico.
- O centro conta con rede de telefonía nos despachos de administración, dirección, conserxería e sala de profesores.
- O acceso a primeira planta dispón de ascensor, estando o acceso ás instalacións do centro libre de barreiras arquitectónicas.
- O centro dispón de medidas de seguridade, con extintores e mangueras de auga contra incendios e Plan de autoprotección.

4. Oferta educativa e servizos.

O instituto imparte exclusivamente a etapa de Educación Secundaria Obrigatoria, para a que ten autorizadas 10 unidades, é dicir está conformado entre liña 2 e liña 3, ao que incorpora Programas de diversificación curricular, de reforzo e mellora.

Dispón entre outros dos seguintes servizos:

- Cafetería.
- Transporte escolar con dúas rutas.

- Programa de actividades complementarias e extraescolares.
- AbalarMobil (dentro do Proxecto Abalar)
- ANPA

5. Alumnado.

O centro escolariza arredor de 280 alumnos/as, distribuídos no catro cursos da ESO, distribuídos normalmente en 12 unidades, aproximadamente do seguinte xeito:

1º ESO	85-100 al.	3-4 ud.
2º ESO	70-85 al.	3-4 ud.
3º ESO	60-70 al.	3 ud.
4º ESO	50-60 al.	2-3 ud.

O seu alumnado procede na meirande parte dos centros adscritos ao instituto e nos que cursaron Educación Primaria – CEIP Ramón de la Sagra e CEIP María Pita- polo tanto do barrio de Elviña, e próximos Barrio das Flores, Monelos, Matogrande, e dos máis afastados de Eirís e Palavea, polo que o alumnado destes dous últimos barrios dispón dunha ruta de transporte escolar.

Outra parte minoritaria do alumnado procede da zona da Pasaxe, dispoñendo dunha segunda ruta de transporte escolar que atravesa os barrios de Os Castros e A Gaiteira.

Esta segunda ruta de transporte facilita que alumnado en situación de acollida institucional, na residencia “San José de Calasanz”, escolarice temporalmente a determinado número de alumnos no noso centro.

Por estar, así mesmo, dentro da nosa zona o CEE Nosa Sra. do Rosario, non debemos esquecer a importancia cualitativa do pequeno número de alumnos con escolaridade compartida; trátase de alumnado con discapacidade auditiva e que acoden ó instituto soamente nas materias de tipo instrumental (plástica, educación física e tecnoloxía). Temos tamén alumnado con esta discapacidade e outras totalmente integrados nas nosas aulas e que, ou ben son apoiados polo profesorado dese colexio ou ben se dispón de persoal intérprete da lingua de signos ou coidador/a.

Actualmente, o centro ten escolarizado alumnado con necesidades educativas especiais asociadas a discapacidade, sensitivas e tamén motoras, así como con trastornos xeneralizados do desenvolvemento, polo que precisan apoio especializado de Pedagogía Terapéutica.

6. As familias: Contexto socioeconómico e cultural.

Segundo os criterios aplicados nas avaliacións de diagnóstico destes anos, o contorno socioeconómico e cultural das familias do alumnado do centro corresponde co grupo ISEC **medio-baixo**.

Para a análise máis polo miúdo deste contexto socioeconómico e cultural das familias do alumnado do centro, tiramos precisamente destas enquisas anónimas ao alumnado de 2º da ESO, dos dous últimos cursos, 2012-13 e 2013-14, ao que responderon un total de 59 e 75 familias respectivamente. Estas enquisas expresan importantes flutuacións dun curso ao seguinte. Do estudo conxunto extraemos os datos que seigen:

Tipo de familia.

En canto á composición das familias declaran que, conviven coa nai o 96%, co pai o 72%, 71% con irmáns e só un 12% con outros familiares. Un 20% di non convivir co pai. Disto deducimos un importante número de familias monoparentais.

Lugar de nacemento.

	Alumno/a	Nai	Pai
Galicia	79%	73%	70%
Outra comunidade	2%	3%	6%
Outro país	18%	22%	19%

Temos un 20% de alumnado foráneo e do 25% no caso de referirnos aos proxenitores. Isto é así xa que nos últimos anos asentáronse na zona un número apreciable de familias inmigrantes, fundamentalmente hispanoamericanas e algunha chinesas e do leste europeo e en menor número do Magreb; ultimamente con tendencia a diminuír.

Lingua:

A lingua materna e que falan habitualmente é o castelán de modo moi maioritario, pois o 98,7 % do alumnado ten o castelán como lingua de lectura e escrita habitual, sen ter en conta as tarefas escolares. Aínda que ninguén manifesta abertamente (a pesar de ser unha enquisa anónima) a súa actitude negativa cara ó galego, o certo é que o 40% do alumnado responde en castelán a pesar de que o seu interlocutor empregue o galego. Practicamente o 100 % emprega o castelán para iniciar unha conversa.

Só o 18,7 % dos pais usan o galego como lingua habitual nas súas relacións. Porén esta porcentaxe diminúe ata un 8 % cando os pais falan cos seus fillos.

Nivel de formación.

<u>Maior titulación declarados</u>	<u>Nai</u>	<u>Pai</u>
Universitarios superiores	10%	7%
Universitarios medios	16%	7%
Técnico superior de FP	13%	9%
Bacharelato	12%	14%
Técnico medio de FP	8%	12%
ESO/EXB	27%	29%
Sen estudos	6%	10%

Destaca un 26% de nais con estudos universitarios por só un 14% no caso dos pais, e unha importante porcentaxe con apenas estudos básicos, 33% de nais e un 39% de pais. En canto aos estudos medios, temos resultados similares, aínda que algo maiores de nais con estudos de Técnico superior e de pais en canto a Bacharelato ou Técnico medio.

Situación laboral.

Referido á situación laboral, a maioría dos pais do alumnado desenvolve diversas profesións encadradas no sector de servizos (vendedores, camareiros, persoal de limpeza, comerciais, peóns do transporte, da industria e da construción (condutores, mecánicos, electricistas, carpinteiros, albaneis...) pero tamén é significativa a porcentaxe dos que teñen outras ocupacións (administrativos, funcionarios, ...) e mesmo

pequenos empresarios. A maioría das nais ocúpense da propia familia pero unha porcentaxe importante das mesmas traballan fóra do domicilio (empregadas do fogar, persoal de limpeza, caixeiros, comercio, hostalería, administrativas, enfermería, funcionarias...). Non deben pasar desapercibidas tampouco as pequenas empresas familiares e autónomos. Así pois, é bastante significativo o número de familias nas que traballan os dous cónxuxes...como tamén o é a inestabilidade nos postos de traballo.

Por outra banda, non debemos deixar de mencionar aquel alumnado que pertence a familias con problemas de paro laboral continuado e circunstancias negativas de carácter estrutural, nas que incide o labor dos S. Sociais municipais.

Comodidade do alumnado no seu domicilio. Afeccións e tempo libre.

No seu **domicilio** dispoñen de: cuarto propio (96%), mesa para o estudo (94%), ordenador (91%), software educativo (36%), internet (94%), libros de lectura (87%), libros de consulta (94%), prensa (30%), revistas (19%).

No tocante as actividades que desenvolven no seu tempo libre declaran:

Actividade e tempo máximo diario	Nada	0-30 min	30-60min	1-2h	+2h
Lectura por pracer	32%	28%	24%	12%	4%
Tarefas escolares	12%	20%	37%	21%	9%
Ver tv, vídeos ou DVD	9%	16%	33%	25%	15%
Practicar deporte	24%	16%	20%	24%	16%
Ler contos, cómics	40%	24%	26%	3%	4%
Ler prensa e revistas	67%	25%	7%	0%	0%
Videoxogos	42%	20%	13%	10%	13%
Conectarse a internet	7%	19%	20%	19%	35%

En canto as tarefas escolares, 12% declaran non dedicarlles ningún tempo, a pesar de telas, a maior parte emprega en 30 e 60 minutos. O 33% non ten axuda de ninguén, un 24% vai a unha academia ou ten clases particulares, o 37% dun familiar e só un 3% dalgún compañeiro.

A actividade máis común e á que dedican máis tempo é a de conectarse a internet. Adoitan facelo na casa case todos os días o 42% e unha ou dúas veces á semana nun 28%; no instituto normalmente fano con esta frecuencia nun 47% e esporadicamente nun 29%. Raramente se conectan noutros sitios.

Manifestan que o motivo principal polo que se conectan case a diario é o de comunicarse (60%) e xogos (31%); por mor dos estudos conéctanse con menor con frecuencia, só un 18% di facelo case todos os días.

Situación escolar, satisfacción e expectativas.

O 66% do alumnado cursa o nivel que lle corresponde por idade, 24% leva un ano de desfase e un 5% acumula 2 anos de atraso. Estas porcentaxes melloran segundo subimos de nivel dado que o alumnado con desfase é o que principalmente abandona os estudos obrigatorios para incorporarse a programas de formación profesional básica ou a outras ensinanzas.

Destacamos a opinión do alumnado sempre o case sempre satisfactoria: co centro (71%), na relación cos profesores (68%), aprendizaxe de cousas útiles ou interesantes (68%), ambiente nas clases (77%) e na relación cos compañeiros (86%).

Pola contra, as opinións dos pais son menos favorables, pois exprésana como sempre ou case sempre satisfactoria: co rendemento académico (50%), co centro en xeral (67%), coa información que reciben (60%) e coa convivencia no centro (67%).

As expectativas académicas tamén difiren as expresadas polo alumnado das dos seus pais e nais, aínda que hai que considerar que un 32% de alumnado afirma que non o ten pensado: Estudos universitarios (51% os pais e 43% os alumnos), FP superior (10% e 4%), Bacharelato (7% en ambos casos), FP media (12% e 11%) e só rematar a ESO (14% e 10%).

Estas expectativas difiren notoriamente dos resultados que veñen acadando.

Conclusión:

En definitiva a contorna escolar do Instituto é a de barrios urbanos dunha cidade de tamaño medio e de características moi diferentes, da época do desenvolvemento urbano dos anos 60 e 70 con poboación avellentada, e outros de finais dos anos 90 e máis recentes co novo auxe urbanístico, ocupados por unha poboación fundamentalmente de traballadores da industria e dos servizos.

A estrutura poboacional da zona tende a unha certa diversidade social, por mor da aparición de familias de emigrantes e da incorporación de familias de maior nivel sociocultural que se asentan nas vivendas de nova construción.

A carencia dunha tradición cultural propia supón unha falta de identidade como barrio, o que incide na baixa participación das familias e dos rapaces nas actividades que ofertan os servizos sociais da zona e mesmo o propio instituto. O contexto urbano favorece a oferta de actividades extraescolares variadas.

O contexto laboral das familias é moi variado, en xeral mantéñense os papeis máis tradicionais de cada sexo, as mulleres dedícanse fundamentalmente ás tarefas domésticas e os homes a traballos pouco cualificados, aínda que con tendencia a cambiar pola notoriamente maior formación académica das nais. Posiblemente haxa familias que vivan da economía somerxida.

A maioría dos pais e unha ampla porcentaxe do alumnado afirman querer facer estudos universitarios seguido de porcentaxes do 15% do alumnado e do 22% dos pais que aspiran a algún título de Técnico superior ou técnico de FP.

7. Atención á diversidade

Mayoritariamente o alumnado corresponde a familias ben integradas no barrio e na cidade, que en xeral non teñen problemas destacables; polo que o labor educativo no Instituto pode desenvolverse dentro das canles normais para a maioría do alumnado, sen problemas especiais e sen necesidades específicas.

Non obstante un sector minoritario do alumnado, aínda que cada vez máis amplo e con incidencia crecente no funcionamento do centro, pode presentar unha situación sociofamiliar e cultural problemática e require dunha atención especializada:

- Alumnado de etnia xitana, principalmente o alumnado do asentamento marxinal na zona da Pasaxe e, nalgúns casos, realoxados en diversas zonas, case sempre con desfase curricular moi acusado.
- Este centro acolle a alumnado inmigrante de procedencia variada, con dificultades na linguas, nalgún caso descoñecemento dunha ou das dúas das linguas vehiculares de aprendizaxe e normalmente con desfase curricular e familias desestruturadas.
- Alumnado absentista ou con risco de abandono escolar.
- Alumnado desmotivado para os estudos, sen interese nas aprendizaxes académicas, falta de capacidade de dedicación e esforzo na realización de tarefas escolares.

Para afrontar estas situación, o centro puxo en práctica medidas como os Programas de diversificación curricular, de 1 e 2 anos, aulas de apoio e de pedagogía terapéutica, ademais de variadas medidas curriculares reforzo e de exención da lingua galega.

8. Profesorado e persoal non docente

Nº de profesores e a súa distribución para o curso 2013-14

CATEGORÍA	Total	Definit.	Provis.
Catedráticos	2	2	0
PES (incluído PS)	26	19	7
MES (incluídos PT)	4	3	1
TOTAL	32	24	8

Distribución por especialidades, postos fixos e provisionais no centro

ESPECIALIDADE	Definitivos	Provisionais
Artes plásticas	1	
Bioloxía e xeoloxía	2	1
Educación física	1	1
Física e química	1	
Francés	1	
Inglés	3	0-1
Lingua castelá e literatura	3	0-1
Lingua galega e literatura	3	0-1
Matemáticas	3	1
Música	1	
Psicoloxía e pedagogía	2	-
Relixión	0	0-1
Tecnoloxía	2	
Xeografía e historia	3	-

Persoal non docente

PERSOAL NON DOCENTE	Total
Auxiliar	1
Subalternos	2
Limpadoras	3
Coidadora - ILS	2
TOTAL	8

9. A Asociación de Nais e Pais de alumnos/as

Esta asociación existe de xeito continuado desde os inicios do centro, ANPA ABRENTE, pero na que participa un pequeno número de familias, mais moi colaboradoras co funcionamento do centro e especialmente no desenvolvemento de actividades extraescolares. Ten un representante no C.E. e dispón de local de reunión no centro.